

## Benito Vicetto na lírica galega do *rexurdimento*

Xulio Pardo de Neyra

RESUMO Este estudio trata de presentar e analizar, por vez primeira e de forma compilada, a obra lírica galega de Benito Vicetto y Pérez (1824-1878). Así mesmo, tenta profundar nos feitos que levaron a Vicetto a ensaiar coa poesía galega, destacando principalmente o valor concedido á recuperación do aparello lendario e popular dunha Galicia que sentía o impulso e a chamada dos vellos cabaleiros do medievo como baluartes dunha conciencia de exaltación patriótica, unha das necesidades que precisamente o Rexurdimento tentaba expresar.

ABSTRACT This study attempts the first complete analysis of Benito Vicetto y Pérez's poetry in Galician, and tries to discover what moved Vicetto (1824-78) to attempt to write poetry in Galician. It concludes that the principal element was the contemporary emphasis on the recovery of the legendary and popular material of a Galicia which still felt the strength and appeal of the medieval knights of old as underpinning that patriotic sentiment to which the Rexurdimento attempted to give expression.

21

### Traxectoria vital

Benito Vicetto y Pérez (Ferrol, 1824-1878), fillo de mariño xenovés e de ferrolá, é fundamentalmente coñecido como historiador. Aínda que as súas contribucións, espalladas a través de diversas publicacións da época (*El Diario de La Coruña, Revista Galaica, El Brigantino, Crónica de Occidente, El Diario del Ferrol, El Clamor de Galicia*) e volumes de éxito, que foron obxecto de catalogación como obras pertencentes a series de “novelas históricas”, “tradiciones caballerescas”, “novelas sociais” e “novelas de costumbres” (cf. Vicetto y Pérez, 1854; Fort y Roldán, 1901, I: 20), dá conta dos seus diferentes intereses editoriais, a obra fundamental de Vicetto é sen dúbida a súa célebre *Historia de Galicia*, que en sete tomos compilaba a traxectoria histórica galega dende a Prehistoria ata o reinado de Isabel II e que viu a luz na coñecida imprenta de

Nicasio Taxonera do Ferrol entre os anos 1865-1873. Foi precisamente por este traballo polo que se incluíu ao historiador dentro da historiografía decimonónica galega, onde ademais destacou polo seu espírito romántico (cf. Varela, 1958: 36).

Malia a isto, o labor literario de Vicetto coñécese principalmente pola novela *Los hidalgos de Monforte*, publicada por vez primeira en terras andaluzas (Sevilla: Imprenta de Gómez, a cargo de D. J. J. Franco, 1851) e pola que aproveitou a mitoloxía do enfrontamento *irmandiño* entre o conde de Lemos e os partidarios do derrubamento do sistema feudal para salientar a xa celebrada figura do militar coruñés Pero Pardo de Cela como un dos baluartes do por entón incipiente galeguismo.

Logo de falecer a súa nai e terse formado no *Colegio de Guardiamarinas y Pilotos del Arsenal* do Ferrol, o intelectual ferrolán enrolouse no exército español, participando na *primeira carlistada* en defensa dos ideais do liberalismo monárquico máis dinástico. Posteriormente conseguiu acceder ao *real cuerpo de alabarderos* e en 1850 foi destinado como oficial á prisión de Sevilla. Será seguindo esta dedicación administrativa cando, dous anos despois, sexa destinado á Coruña co posto de *maior* do presidio da cidade herculina, praza na que comezaría a desenvolverse e destacar nos círculos literarios do momento.

En 1855 e co grao de comandante, marchou destinado ao cárcere de Alcalá de Henares, regresando en 1859 á Coruña. Nesta segunda etapa apareceu integrado nos medios xornalísticos coruñeses, presentándose, ademais, aos primeiros *Juegos Florales de Galicia*, nos que non conseguiu obter o primeiro premio, mais si o primeiro accésit.

A continuación exerceu a súa profesión en lugares como Ceuta, Granada e Barcelona pero, aínda así, en 1868 instalouse definitivamente na Coruña. Ese é o ano no que aparece exercendo como *xefe superintendente* da fábrica de moeda de Xubia, posto concedido por gracia do xeneral Prim, pouco antes de ocupar unha xefatura de negociado de facenda no goberno civil coruñés. Logo de xubilarse, quixo retirarse á súa cidade de nacemento, onde, finalmente, faleceu (cf. Couceiro Freijomil, 1954: 499-500; Mato Domínguez, 1974: 35-36).

## Vicetto na cultura galega do XIX

Despois de ter colaborado no *Semanario Pintoresco Español* (onde coincidi-  
ra con Neira de Mosquera) e de publicar *El caballero de la cruz verde*, no Madrid  
de 1844, a sinatura de quen xa se destacaba como historiador de certo nome  
en Galicia comezou a ser coñecida na Coruña a mediados do século XIX a tra-  
vés de xornais como *Crónica de Occidente* e *El Clamor de Galicia*, o importante  
medio, dirixido en 1855 polo propio Vicetto, no que precisamente apareceu a  
tendencia rexionalista galega.

A súa primeira obra, a novela *El caballero de la cruz verde. Novela caballeresc-  
ca del siglo XIV* (Madrid: Imprenta de D. J. C. de la Peña, 1844), que escribiu  
á idade de dezasete anos e asinou en Sobrado dos Monxes, é o traballo que ini-  
cia un constante percorrido literario dificilmente delimitábel segundo criterios  
puramente xenéricos. Porque en Vicetto se mestura o facer dun historiógrafo  
co dun novelista, feito polo que mesmo a súa emblemática obra, *Historia de  
Galicia*, foi xulgada por Manuel Martínez Murguía con dureza crítica:

no conozco libro más triste ni que impresione más penosamente. No  
acierta uno a explicarse cómo fué posible que su publicación fuese más  
allá de los primeros cuadernos, como no sea dando a la codicia edito-  
rial más fuerza de la que debiera tener para honra del país y del autor  
a quien se explota (Murguía, 1885: 250, n.).

23

Benito Vicetto pertence a unha época dourada da literatura de Galicia, o  
período do Rexurdimento, espacio temporal que segue aos Séculos Escuros e  
coincide coa Renaixenza catalana, definido baixo o programa da tempestade  
romántica. Sen embargo, contra ao que cabería agardar, o momento da súa  
presencia literaria, nun febril ambiente de forte inestabilidade política e ideo-  
lóxica, non desenvolveu en España unha específica cultura política propia.  
Malia que o programa político da monarquía absoluta dos Borbóns xa fora  
superado, como superado foi o sistema do Antigo Réxime, por aquelas datas a  
referencia nacional seguía a ser España, pese a que os movementos obsoletos  
do tradicionalismo español provocasen unha escisión entre dúas identidades  
políticas: a conservadora (representada polos absolutistas e os tradicionalistas  
integrados no sistema) e a progresista (enfrentados ao sistema e escindidos  
entre a dereita *carlista* e unha esquerda emerxente, unha aproximación demo-  
crática á mesma dereita, esta representada pola *Unión Patriótica* de O'Donell).

1868, por tanto, reuniu nun acontecemento a inestabilidade política reinante no territorio español. O froito de tal circunstancia non foi outro que a *gloriosa*, o celebrado motivo que serviu de expulsión da cadeira real a unha Isabel II que comezara o seu reinado axudada por grupos liberais pero que non lograra provocar a suficiente confianza como para borrar da ideoloxía española o absolutismo reaccionario dos partidarios do seu tío o *infante* Carlos M<sup>a</sup> Isidro Borbón. É por iso que situándose na fronte oposta ao tradicionalismo *carlista*, no plano ideolóxico Vico definiuse pola súa adscrición ao liberalismo, ideoloxía na que destacou loitando como militar na primeira guerra civil española do século XIX, identidade gracias á que accedeu a un posto administrativo nas por entón chamadas *Reales Fábricas de Moneda* de Xubia.

24 España, sen embargo, tardaría pouco tempo en desenvolverse cun carácter plurinacional. Durante a I República Española, anovadora polo seu interese federalista, e tras o xurdimento de identidades provincialistas especificamente galegas e catalanas, o liberalismo español valeuse dun estreito diálogo coa esquerda liberal e co tradicionalismo, malia que explicitamente non se afirmase a existencia de diferentes nacións á española. Algo semellante ocorreu en Euskal Herría, onde nesas alturas se desenvolvía o fuerismo, que tampouco se preocupou pola explicación e/ou avaliación dunha identidade nacional diferente á dunha cohesionada “nación española”. Xa que logo, habería que agardar ata a derradeira década do XIX para que os froitos de intelectuais como Vico maduresen. Deste xeito, a partir de 1890 podemos falar xa dun inicial sistema onde a sociedade reunida polo estado se tornou plurinacional.

Pese a que en Catalunya e en Euskal Herría aparecen sectores nos que xurdiu e asentou a consideración da existencia de nacionalidades diferenciadas e á parte da establecida e programada desde o centralismo do sistema estatal, en Galicia, non obstante, o rexionalismo non sería borrado dos seus intelectuais ata a celebración da Primeira Asemblea Nacionalista organizada en Lugo por Evaristo Correa Calderón durante 1917, aínda que a tal respecto existise unha irrelevante identidade política. Foi, por tanto, en Catalunya onde, despois das eleccións de 1901, podemos constatar a existencia dun ideal específico de “estado plurinacional” que se presenta como compañeiro do programado rexeitamento contra o que se deu en chamar a “restauración monárquica” dos Borbóns.

É por isto que se nos fai necesaria a exposición do devir ideolóxico-político da Galicia e da España nas que viviu Benito Vicetto, así como a da participación que o ferrolán articulou dentro do renacemento ideolóxico-literario da súa nación de nacemento. O seu labor aparece vinculado ao de non moitos máis persoeiros do eido da recuperación do programa identificador de Galicia. A hora de participación de Vicetto, por tanto, foi o mesmo momento da acción rexionalista; só que no seu caso, quizais polas súas circunstancias familiares (como fillo de estranxeiro), quizais pola formación recibida, ora polo aínda existente espallamento da sublimación da cultura castelá, ora polo seu exercicio profesional (que o enviou a destinos administrativos fóra do territorio), a presenza do vehículo lingüístico galego non se desenvolveu coa relevancia que, por exemplo, adquiriu no discurso literario de Rosalía de Castro.

1833, ano da morte de Fernando VII e da subida ao trono español da súa filla primoxénita, Isabel II, adóitase sinalar como data tradicional da entrada dunha nova sensibilidade literaria. Malia que especialmente se viñesen observando cambios desde os últimos anos do século XVIII, con motivo da chegada á xefatura da familia *Borbón-España* dunha nova princesa apoiada polo sector liberal, unha morea de escritores españois da maior relevancia (Martínez de la Rosa, Escosura, Espronceda, Saavedra, Gil de Zárate) regresan do exilio político, o que provoca a importación dunha nova tendencia literaria, a do Romanticismo, procedente das terras veciñas de Francia. Foi precisamente unha das novidades achegadas ao panorama cultural español o do espertar da consideración lingüística dos por esas datas denominados “idiomas rexionais”, o que levou parello un consciente cultivo das literaturas marxinais, as que ata o momento estaban proscritas pola norma castelanizante do exercicio literario máis purista.

Aínda que a circunstancia non puido ser mellor aproveitada en Galicia, o certo é que axiña, valéndose do carácter eminentemente lírico da súa traxectoria histórica anterior, unha literatura menosprezada como a galega quixo xerar unha específica escola poética en castelán, onde se situaron figuras como Nicomedes-Pastor Díaz Corvelle, tamén autor poético en galego, Jacinto de Salas Quiroga ou o propio Benito Vicetto y Pérez que, de modo semellante, unicamente usou o galego para fins estritamente líricos.

Pese a todo, por conseguinte e dada a recepción cultural da Galicia do momento, o caso do ferrolán non é alleo á tónica xeneralizada por entón, que fixo que intelectuais como Manuel Murguía, “animador incansable da cultura

galega e en moita medida responsable da obra de Rosalía de Castro” (Tarrío Varela, 1994: 186), Alfredo Brañas Menéndez ou Aureliano José Pereira de la Riva, quen a carón de Vicetto promoveron a construción do ensaio galeguista rexionalista da súa época, adoptasen conscientemente o vehículo lingüístico castelán para a propia edificación do seu discurso político-cultural ao redor da entidade de Galicia.

Aínda que nomeadamente, o mesmo Vicetto catalogou a súa produción en 1874 agrupando en “tradiciones caballerescas” as obras *Crónicas españolas* (Sevilla: Imprenta de la Aurora, 1851), unha colección de lendas e tradicións anteriormente publicadas en diversos xornais, e *Crónicas de Galicia* (Madrid: Imprenta de *La Verdad*, a cargo de Federico G. de Cañas, 1861), volume escrito en 1850 e tamén xurdido de anteriores publicacións baixo o formato de artigos xornalísticos que, baixo o título de “Crónicas Galaicas”, deu á luz en diversos medios da nación, o certo é que foi o seu carácter imaxinativo, segundo Fernández del Riego “devoto da lenda e da fantasía” (Salvador Lorenzana, 1978: s.p.), o detonante para que a historiografía rexeitase as consideracións históricas de Vicetto.

26

Así pois, o seu valor non pode ser desterrado do facer historiográfico da Galicia rexionalista que comezaba a súa andaina pola difícil tarefa da dignificación dunha terra culturalmente afundida e plenamente integrada na órbita castelá, un territorio que xa no XVIII fora cualificado por Cornide de Saavedra como *país de Indias* (cf. Barreiro Fernández, 1982, II: 283).

Mentres Valera, Sánchez Moguel ou Núñez de Arce loaban en español o ideal centralista dun estado monárquico e reaccionario, a voz dun precursor, a de Vicetto, aparecía na cultura galega impulsando un ideario especificamente loador do ser galego. É por iso que dicimos que o rexionalismo significou un dos espazos máis acaídos para a mentalidade liberal do funcionario ferrolán e que, segundo Risco, nestas datas:

os galegos van descubrir agora que teñen unha língoa, que teñen unha historia, que teñen unha Patria, en fin... E Vicetto vai proclamar esta verdade ós catro ventos. ¿Qué importa logo que inventara moitas mentiras? No corazón de todas elas vai sempre a verdade suprema (Risco, 1928: 85).

Cando Vicetto regresou de Sevilla e se estableceu na Coruña, cidade na que había dirixir *El Clamor de Galicia*, integrouse na *tertulia* de Juana de Vega,

coñecida co alcume nobiliario de “condesa de Espoz y Mina”, o que lle serviu para coñecer e trabar amizade co historiador Manuel Martínez Murguía (cf. Salvador Lorenzana, 1978: s.p.), feito que non fixo máis que continuar a súa dirección anteriormente realizada nos cenáculos galegos madrileños. Non en van, segundo apuntou Tarrío Varela:

polo Madrid destes tempos andan unha serie de galegos moi concienciados coa causa galeguista, cando menos dende o punto de vista cultural, literario. Aquí anda o xa vello Francisco Añón, a quen Curros poñerá como co-testemuña de *O Divino sainete*, os irmáns Muruais (Andrés e Xesús), Teodosio Vesteiro Torres, que se suicidará nunha sala do Museo del Prado, no ano 1876, Arturo Vázquez Núñez e Emilia Calé, na casa da cal se reunía a tertulia de Galicia Literaria, todos eles amigos de Lamas Carvajal e colaboradores dos seus xornais. Neste ano 1875, nomeadamente, o 20 de setembro, a iniciativa de Vesteiro Torres e os seus amigos, ademais do propio Curros, créase a sociedade denominada Galicia Literaria, que ten o propósito de agrupar os galegos residentes na capital. É unha sociedade con estatutos que, en boa medida supón o primeiro Centro Galego da historia de Galicia. Son socios de honra, Lamas Carvajal, Benito Vicetto, Xoán Manuel Pintos e algún máis. O curioso é que non aparecen para nada os nomes de Manuel Murguía e Rosalía (Tarrío Varela, 1994: 161-162, n. 101).

27

Malia a este interese galeguista reivindicativo, en todo caso asociativo, foi ocasional (e desgraciadamente raro) atopar algunha peza en galego dentro do labor do ensaio. En tales intrínsecos, o idioma galego non era utilizado nin para expresar a propia situación da nación. Calquera expresión de carácter científico ou filosófico non era concebida en lingua galega, pese a que os seus mesmos produtores dedicasen o seu labor á análise da problemática pasada ou presente de Galicia.

### **Vicetto en galego. A súa poesía na emerxencia do vehículo lingüístico de Galicia. A canle heroicista e o recurso do amor no labor lírico dun rexionalista**

En verbas de Amado Ricón, as achegas de Vicetto á cultura de Galicia foron “resultado da atmósfera, circunstancias e situación político-cultural do

seu intre vital, empurrado polo espírito ceibador do Romantismo” (Ricón, 1970: 79). Non en van e como promoveu a xeneralizada tónica literaria da súa época de produción, o ferrolán utilizou e recorreu á simboloxía fantástica dos xa vedraños valores dun sistema que ponderaba os ata había pouco tempo aínda chamados “fidalgos galegos” e, de xeito paralelo a aquel momento literario, converteu parte do acalorado discurso romántico amoroso ao idioma galego. Aínda así, como comprobamos pola escasísima presenza lingüística do galego no seu facer, o seu posto dentro da literatura galega vén confirmado, en todo caso, por un protagonismo dentro da historiografía da Galicia decimonónica en castelán.

Á par, se o prototipo literario da exaltación dos apelidos de raigaño nobiliario galego podía atopar un sistema hábil por medio da lingua de Galicia (o que denotaba a recorrencia e a presenza das características popularistas da literatura galega daquel entón), o discurso lírico amoroso, pola contra, en Vicetto apareceu cheo de orixinalidade por ese emprego lingüístico. Así pois, o galego como código para a feitura de pezas líricas amorosas denota interese e ponderación da elección do idioma, relegando, neste caso, a lingua habitual de Vicetto para reservar o galego á súa habelencia poética. Foi por iso que, como delimitou Ricón, tras a adopción do vehículo castelán para as obras de carácter histórico:

alén dos dafora, empurróu aos que na casa continuaban a durmir a sies-ta da preguiza mental, ou ficaban deitados no morno cocho da indiferencia. E pra os facer xurdir do feitizo no que por anos ficaban entan-garañados, dou ao prelo un feixe de obras que todos conocemos, i escri-bíu nos xornás centos de artigos que non o eran, uns e outros, máis que atinados manifestos reivindicativos da nosa cultura (...) a súa obra non é máis que unha sobexa, aínda que ben intencioada declaración dos dereitos que a cultura galega, conxelada por séculos, tiña a renacer, se continuar no tempo, na historia e no pobo (Ricón, 1970: 79).

Vicetto, pois, emerxeu no panorama cultural de Galicia cun interese enchi-do pola mesma forza reivindicativa que outros intelectuais concederon aos seus faceres. Pero, consecuentemente coa súa formación, coa súa pertenza e coa adscrición ao que daquela se denominaba *as familias coñecidas de Galicia* (xentes de procedencia fidalga ou ben de posición socio-económica desafoga-da: os casos de Murguía, Pondal, Saco y Arce, Díaz de Robles ou Valladares

Núñez), o escritor da Ferrolterra non puido renunciar ás concepcións elitistas que presidiron o devir cultural do seu medio. Neste eido atopan lugar as súas constantes alusións e dignificacións dos vellos privilexiados da inxusta sociedade do Antigo Réxime.

A carón do labor dun poeta galego que canta o amor e recompila parte da tradición galega, é nunha orientación conectada coa tónica espallada pola mentalidade burguesa do século XIX, a decidida en loar a entidade social dos vellos fidalgos galegos, onde Vicetto desenvolveu parte do seu discurso en galego.

Ricardo Carballo Calero falou de tres pezas en galego da autoría do historiador da Ferrolterra: “Los Montenegros. Balada en castellano del siglo XII”, a “Cantiga dos Borboriños” e “Tí e éu. Sono d’unha noite de vrao”, como o propio Carballo as titulou (cf. Carballo Calero, 1963: 113 e 114, n. 1). A segunda das mencionadas composicións foi incluída na novela histórica *El lago de la Limia* (cf. Vicetto y Pérez, 1861, I: 23-24), mentres que a terceira apareceu tanto en *El Museo Universal* de Madrid en 1862 (cf. Vicetto y Pérez, 1862) como na publicación galega *Álbum Literario* de Ourense, esta vez en 1888 (cf. Vicetto y Pérez, 1888), para, finalmente, ser recolleita en *Poesías* en 1872.

Á parte dos numerosos fragmentos poéticos que Vicetto intercalou ao longo da súa obra castelá (cf. Renales Cortés, 1996, I: 287-301)<sup>1</sup>, as pezas que ao meu xuízo posúen maior entidade literaria son as composicións referidas, as tres indicadoras doutros tantos exercicios literarios do Benito Vicetto galeguista: a “Cantiga dos Borboriños” inclúese na recuperación e na utilización do acervo popular galego, a balada dos Montenegros refire o emprego das lendas familiares da fidalguía de Galicia e a peza “Tí e éu...” presenta a afección literaria amorosa do ferrolán, algo constante na historia da literatura anterior e, especialmente, na do Rexurdimento.

A aparición da “Cantiga dos Borboriños” sitúase en *El lago de la Limia*, obra datada en 1861, o que quere dicir que foi realizada anteriormente,

---

<sup>1</sup> Son numerosos os textos, menores, que percorren as páxinas castelás dos seus traballos, ben en forma de reflexos do eido copleiro popular (a copla de *La baronesa de Frige*, por caso), ben baixo o indicativo de estar referidos ao corpo histórico medieval popular (o “Cantar de Giral de Goyente”, a “Canción guerrera de los bravos brigantinos”, a “Balada del trovador de Anllóns” ou a “Balada del Sil”), ou ben como composicións dirixidas á sublimación de diferentes liñaxes galegas (o caso da “Balada de los Ulloas”, a “Balada de los Somozas” ou a “Balada de los Roade”).

concretamente a finais da década antecedente. O texto, que o propio Vicetto atribuíu aos “borborinos”, “según él niños vagabundos que van cantando romances y otras canciones por las puertas para pedir limosna, y a los cuales los otros niños tiran piedras” (Renales Cortés, 1996, I: 283), di así:

preso ten á ó mao rey Dornas  
ó rey Borborás en Zás,  
é lle mandou ó verdugo  
prá decille ó que oirás,  
Xura en cruz, Xura en Zás,  
si non xuras, Borborás;  
é si xuras, Dornarás.  
Xura en cruz, Xura en Zás,  
si non xuras, famearás:  
é si xuras, folgarás  
Xura en cruz, Xura en Zás,  
si non xuras, mal farás  
é si xuras, casarás.  
Xura en cruz, Xura en Zás,  
si non xuras, Dornarás,  
xura en cruz, Xura en Zás,  
si non xuras, chorarás.  
Xura en cruz, Xura en Zás,  
si non xuras, croarás.  
Xura en cruz, Xura en Zás,  
si non xuras, morrerás;  
é si xuras, inda abrás.  
Xura en cruz, Xura en Zás,  
si non xuras, Borborás;  
é si xuras, Dornarás

(Vicetto y Pérez, 1861, I: 23-24).

Nesta peza, que indica a nomeada afección do historiador ferrolán polos motivos do acervo tradicional galego, extremo que confirma da mesma forma Carré Alvarellos, quen completando a transmisión do poema expuxo a súa pertenza ao século IX, o que certamente non é moi rigoroso (cf. Carré Alvarellos, 1959: 62-63), explícase como logo de ser encarcerado, o heroe Dornas tivo a posibilidade de escoller entre dous camiños: o de casar con Inda, a filla do rei Borborás, e ser coroado como sucesor do trono, ou ben o de quedar no cárcere e morrer de fame.

Aínda que respecto destas tres comentadas pezas galegas, Renales Cortés sinalase que “todos estos poemas pertenecen a la misma época, principios de los años sesenta” (Renales Cortés, 1996, I: 282), xa que os dous primeiros apareceron publicados na novela *El lago de la Limia* e no seu volume de poesías de 1872, onde tamén apareceu a balada dos Montenegros, ademais de facelo tamén no xornal *El Heraldo Gallego*, que en Ourense dirixía Lamas Carvajal (no que precisamente recibiu o título que lle deu Carballo Calero; cf. Vicetto y Pérez, 1881: 76-77), convén ter en conta un texto manuscrito polo propio Vicetto, que xa publiquei (cf. Pardo de Neyra, 2000a: 609-610) e que é de inestimábel axuda para a datación e a xénese do labor lírico galego do historiógrafo<sup>2</sup>.

“Los Montenegros. Balada tradicional” é un texto que o propio Vicetto entregou ao xurista mindoniense Eduardo Pardo Montenegro y Montenegro e que, tras a súa morte sen fillos en 1882, pasou á súa irmá Julia, quen co resto do seu arquivo familiar o pasou ao seu herdeiro principal, o licenciado en Dereito e procurador dos reais tribunais Venancio Montenegro y Pardo Montenegro, curmán seu de dobre vínculo. A este herdouno o seu fillo José M<sup>a</sup> Montenegro y Soto (1868-1934), mindoniense de nacemento e lucense de adopción, político conservador, escritor, académico da *Academia Galega*<sup>3</sup> e biógrafo de Amor Meilán, razón pola que a comezos do século XX a devandita balada formaba parte do seu arquivo.

Ricón indicou que a balada montenegrina debía ser obxecto de situación ao redor de 1861, “cando o Vicetto estaba atarefado en arranxar e dar folgos aos Xogos Frorás da Cruña, e no seu esprito bulía a cisma do galeguismo

---

<sup>2</sup> Renales Cortés, que datou a balada en 1860, ano da redacción de “Ángel caído”, “A lldara” e “El ángel de la resignación”, sinalou que é: “una de las pocas que escribió Vicetto en lengua gallega, aunque según su autor en castellano del siglo XII (...) se incluirá en la novela *El lago de la Limia*, donde el romance empleado ya no se atribuye al siglo XII sino al IX (Renales Cortés, 1996, I: 185)”.

<sup>3</sup> Cando Montenegro ingresou na academia, en 1934, a institución non tiña o alcume de “real”. A súa proposta fíxose durante 1933 (cf. Méndez Romeu, 1998: 74) aínda que o seu nomeamento se realizou no ano seguinte, concretamente o 2 de xullo. Pouco despois, o 12 de setembro, Montenegro faleceu sen poder ler o seu discurso de ingreso que trataba sobre a figura do bispo mindoniense Sotomayor (cf. *Boletín de la Academia Gallega*, 1934; Pardo de Neyra, 2001a: 98 e 2002f: 28, n. 16). Non é casual que no arquivo que herdou o académico tamén se atopase un documento relativo á morte do mariscal Pero Pardo, titulado *Y pues se ha dado noticia del castro de oro no deve quedar en silencio, antes si renobarse la funesta memoria del Famoso Mariscal Pedro Pardo de Zela* (cf. *Y pues se ha dado noticia... s. d.*), que así mesmo foi utilizado por Vicetto para a súa particular elaboración do mito do militar galego.

lingüístico” (Ricón, 1970: 82, n. 6), mais malia a todas estas datacións convén clarexar que o texto ao que fago referencia, titulado “Los Montenegros. Balada tradicional” empregando a propia forma que no manuscrito lle deu o seu autor, debe ser datado entre 1845-1850 como xurdido dos seus contactos coas *familias notábeis* da sociedade da Ferrolterra, entre as que estaba a dos Pardos Montenegro mindonienses, pois non en van o mencionado Eduardo Pardo Montenegro era sobriño político de Ángela de Ponte y Montenegro, curmá de Concepción Arenal e ambas as dúas pertencentes ás influentes familias dos Pontes-Tenreyro e a primeira neta materna dos marqueses napolitanos de Leis establecidos no Ferrol.

O texto autógrafo do ferrolán Vicetto é:

*Los Montenegros.*

Balada tradicional

Dedicada á mi amigo Sr. D. Eduardo Pardo  
Montenegro

32

-Malferidos cabaleiros  
que hoxe da batalla vís,  
¿non me vedes po los campos...?  
¿non me conocés á min?

-Filla do rey don Fábila,  
ven te conoscemos, sí;  
princesa dona María,  
¿á donde vades ansí,  
correndo de rio en rio  
po los montes do país?

-Bou buscando meus tres fillos  
¿non os vides por ahí?

-Filla de réis, detenedvos,  
pois á vostros fillos vin.

-¿Donde están, meus cabaleiros?

-En Montebranco do Sil.  
Combateron corpo á corpo  
cos mouros en brava lid,  
é sendo tres contra moitos...  
os tres morreron alí.

-¡Montebranco, Montebranco!  
¿Que che fixen eu á ti?  
¡Ou Montebranco, ti eres  
Montenegro para min!

Benito Vicetto (asinado) (Vicetto y Pérez, s.d., *circa* 1845-1850; Pardo de Neyra, 2000: 609-610).

Foi precisamente Eduardo Pondal, outro dos intelectuais galegos empeñados na recuperación da fantástica mitoloxía fidalga de Galicia, o que en 1863 (o momento apuntado por Ricón e Renales Cortés para a redacción do texto de Vicetto) recrearía o texto vicettiano refacendo para a literatura galega, por tal motivo, a presenza da lenda dos Montenegros lucenses. Esa vez, por tanto, de forma case semellante ao do Vicetto dunha década antes, Pondal (1915 e 1935: 217) realizou unha composición galega en “recordo de Benito Vicetto” que dicía:

-Malferidos cabaleiros,  
os que da batalla vis,  
¿víchedes meus caros fillos,  
Corcoesto e Gondomil?  
Onde están meus caros fillos;  
falade... ¿Qué me decís?

-Os teus dous garridos fillos,  
vimos, vimos, ¡ay de tí!  
Na cima do Monte Branco,  
Corcoesto e Gondomil,  
loitando cos feros mouros,  
mortos quedaron alí.

-¡Monte Branco! ¡Monte Branco!  
¿qué che fixen eu á tí?  
¡Ou Monte Branco! ti es  
Monte Negro para min.

Coruña, 1863 (Pondal, 1915 e 1935: 217).

O texto lírico pondaliano, realizado como dixen a partir do pertencente ao labor poético de Vicetto, quixo refacer a mitoloxía familiar montenegrina dotándoa do celtismo que se transmitía por medio dos dous nomes empregados para nomear aos fillos da *infanta*, Corcoesto e Gondomil. Isto, claro é, profunda na exposición da actitude celtista de Pondal, da que, sen embargo, carecía o texto de Vicetto. Tanto no caso da composición do historiador coma no do texto do bardo, a xénese era debedora da propia tradición familiar dos Montenegros de Vilalba, sempre referida e utilizada pola familia Pardo Montenegro asentada na cidade de Mondoñedo despois de deixar o solar primixenio que os Pardos de Aguiar tiñan nas terras de Trabada, o palacio e fortalesa de Terrafeita.

Pondal, por tanto, iniciou a súa homenaxe a Vicetto con dous dos seus propios versos, e, do mesmo xeito, rematou a peza co cuarteto final do poema do de Ferrol. Os versos mediais, pola contra, conectábanse con aquela disposición lírica celtista. Xa que logo, foi neste espacio onde se atoparon os nomes que Pondal suxeriu como dos fillos da infanta María, a nai dos guerreiros mortos. A predisposición histórica tanto de Pondal coma de Vicetto preferiu avanzar polo carreiro das fantasías, sempre que agachasen motivos susceptíbeis de se converteren en símbolos útiles á hora da dignificación de Galicia, aínda que fosen motivos lendarios familiares situados no orbe do palaciano, de tanta recorrencia na literatura galega de case todos os tempos. Neste caso, polo tanto, Vicetto recolleu do sistema de lendas familiares dunha das castes outra fidalgas unha fantásiosa narración que, como todas as desta tipoloxía, pretendía dirixir as orixes dos fidalgos galegos cara ao mesmo momento constitutivo da propia creación da nacionalidade hispánica, ao tempo da cristiá Reconquista. Mais a mitoloxía dos Montenegros, sen embargo, non incidía enteiramente nesta circunstancia, xa que, e non todas as familias da fidalguía da nación o fixeron, ademais tentaba explicar as orixes dos primeiros individuos da caste a través da mostra polo interese en se conectaren xenealoxicamente coa familia dos reis.

Vicetto aproximou á literatura de Galicia a propia entidade aristocrática dunha das familias dos seus vellos privilexiados polo que, dende o seu mesmo interese dirixido aos temas histórico-lendarios, especificamente orientado cara ao nobiliario, “Los Montenegros. Balada tradicional”:

se inserta en aquella trayectoria, a la vez que ensalza la leyenda familiar de la *casa de Montenegro*, estirpe gallega que había señoreado las

tierras jurisdiccionales de la fortaleza de Támoga en Cospeito (Lugo), propia propiedad en donde se centraba el eje de los feudos de aquella familia y derribada por los acontecimientos bélicos de la Galicia *irmandiña* del XV, y que después edificaría los palacios de Vilamartín de Rioaveso (Vilalba) y Caldaloba de Pino (Cospeito).

Así, la instalación de tal poema dentro de la específica literatura de Galicia se hace por medio del ya mencionado desarrollo de las recurrencias caballerescas que profundizaron, de manera especial, en el resalte de los valores culturales, patrióticos y tradicionales que Galicia como comunidad diferencial *necesitó cantar* en el tiempo del *rexurdimento* literario de la pasada centuria. Aunque, al lado de tal motivación, no se puede olvidar cómo el acerbo tradicional de Galicia ha incidido en el desarrollo de parte de las narraciones orales de su trayectoria cultural popular: es por ello que muchas casas de la hidalguía del país gallego articularon o conservaron narraciones de hechos remotos relacionados con aspectos que, en términos relativos, podían incidir en el rescate y replanteamiento de viejas noticias medievales y, en modo absoluto, trataban de evidenciar su antigüedad y su *notoriedad* (correspondencia auténtica de la *gabanza de caste* que muchas familias de la *nobleza* del país habían elaborado cuidadosamente, así como preservado mediante este tipo de relatos fantásticos, legendarios, dirigidos a la *demostración de su origen esforzado*). Y como re-utilización de tales referencias populares-legendarias, la misma literatura sirvió de canalización para la toma de un anterior discurso de características fantásticas, que es donde situamos la recurrencia montenegrina del Vicetto poeta en gallego (Pardo de Neyra, 2000a: 610-611).

35

Como expuso Renales Cortés para a triloxía das historias cabaleirescas de Vicetto (*Los hidalgos de Monforte, El lago de la Limia e Rogín Rojal ó el paje de los cabellos de oro*), e que tamén se pode aplicar a toda a actitude literaria historicista, o caso da practicada por Salinas e Rodríguez en *A torre de Peito Burdelo*:

la exactitud buscada por Vicetto no consiste en la documentación rigurosa, ni en la fidelidad a los hechos históricos, sino en la evocación del espíritu de la época en que se suceden los hechos narrados, tal como lo supone el novelista, cuyo papel es el de “cicerone” o, de

acuerdo con la denominación del “diorama”<sup>4</sup>, el de exhibidor de cuadros y escenas que se aparecen ante el lector como por arte de magia (Renales Cortés, 1996, I: 199).

Aínda así, a lenda dos Montenegros que Vicetto, levándoa ao século IX e posteriormente tres centurias máis adiante, plasmou na súa balada galega, reflectía a propia traxectoria fidalga da familia luguesa Montenegro, unha caste orixinada nas terras do país de Vilalba de Montenegro (no que estaba o monte Negro da poesía, onde asentou a primeira poboación de Sta. M<sup>a</sup> de Montenegro, núcleo que despois recibiu o nome de Vilalba de Montenegro, e, máis tarde, unicamente Vilalba; cf. Mato Vizoso, 1997: 75-80) e que, como tantas outras, despois querería destacar na esfera nobiliaria de Galicia presentándose baixo unha fantasía xenealóxica que a facía descendente nada menos que do rei Froila I.

A presenza e a tradición desta familia galega, por outro lado, non fora allea aos pouco rigorosos nobiliaristas e cronistas hispánicos, quen a introduciron nos seus escritos de forma sistemática. Seguindo a crónica de Afonso X, o traballo xeográfico de Argáiz, a historia da monarquía de Méndez Silva e os tratados de Pardo Villarroel e Argote de Molina, o xenealoxista Flórez de Ocáriz destacou:

Montenegro es Villa en el Reyno de Galicia del antiguo Obispado de Yria, y los de su apellido Montenegro descien den de Theodorico, gran Cauallero Godo, y de Doña Maria su muger, hermana del Rey Don Pelayo<sup>5</sup>. Sus armas son en campo de oro vn Roble verde, arri mados à èl dos lobos roxos, y por orla ocho aspas de oro en campo roxo. Otro Autor escriue, que descien de este linage de aquel valiente Cauallero de Galicia, que defendiò à vna Infanta de aquel Reyno de vn testimonio falso, con quien casò despues de la defensa, por cuya hazaña, y casamiento traen en las armas una M. coronada los de este solar, porque era el hombre de Infanta Maria; assi lo dize el Obispo

---

<sup>4</sup> Enténdase “diorama” como “mundo nuevo, espectáculo que en la época todavía causaba sorpresa ante los espectadores” (Renales Cortés, 1996, I: 199, n. 185).

<sup>5</sup> Este cabaleiro relacionouse co conde de Galicia Teudo, que vivía en 843 e quen, segundo Huerta y Vega, era fillo do conde Hermexildo, neto do conde de Coímbra e bizneto do rei Atanaxildo. Tivo cinco fillos, sendo o maior Hermenxildo, do que descendía san Rosendo (cf. Maciñeira y Pardo, 1892: 158-159).

Don Seruando, si bien dize, que la Infanta se llamaua Naria; y añade, que tres hermanos de este antiguo solar pelearon con los Moros, y fueron vencidos en vn monte, y que su madre lastimada dixo: *Monte negro ha sido este para mi*, y que su diuisa es vn roble verde, y dos lobos arrimados à èl, y ocho aspas doradas en campo roxo (Flórez de Ocáriz, 1676: 368).

Algo parecido explicou Rojas Villandrando, para quen:

los Montenegros, tienen su suelo y nacimiento en aquel reyno, son muy nobles y principales hidalgos, procedían de un caballero gallego y de una doncella parienta de un Rey de Galicia a la qual habiéndole levantado unos traydores un falso testimonio, fué presa hasta tanto que diese quien la librase. Y este hidalgo movido a compasión tomó su hecho por propio y hubo batalla y cortó la cabeza al principal de la trayción, y sabida la verdad por el Rey este la casó luego con este caballero que la libró. Y destos vienen los Montenegros, los cuales traen por armas una M porque aquella doncella se llamaba María (cf. Fernández-Prieto Domínguez, 1982: 467).

37

No propio arquivo da familia trabadesa dos Pardos de Aguiar, na que casou unha Montenegro de terras vilalbesas que sería lembrada constantemente polos seus descendentes ao se apelidaren Pardo Montenegro de maneira composta, atopábase unha certificación de nobreza expedida polo *rei de armas* isabelino Pablo La-Vergne a partir de petición, no ano 1839, do deputado a cortes por Lugo, ministro togado da audiencia de Galicia e membro do consello real José Pardo Montenegro y Menéndez Valledor (1800-1867), o pai do cabaleiro ao que Vicetto dirixiu a súa composición, onde de forma parella se trasladaba a lenda e as armas familiares dos Pardos Montenegro empeñados en lembraren a súa procedencia rexia:

no queremos pasar en silencio la relación que hallamos en Rodrigo Mendez de Silva en su catálogo Real de España al folio veinte y tres, diciendo que este linaje ilustre de Montenegro trae su origen, de valiente Caballero de Galicia, que defendio a una Ynfanta de aquel Reyno, de un testimonio falso, casándose despues con ella, por cuya hazaña y casamiento adoptaron por Armas las de este Solar, una M, de oro, coronada idem por llamarse María dicha Ynfanta; y añade el

Obispo Don Servando, que tres hermanos hijos de este antiguo Solar, fueron vencidos por los Moros en un monte cuyo suceso sabido por su madre, que lo era dicha Ynfanta, lastimada se esplicó diciendo Monte negro ha sido este para mi, cuyo lema adoptaron en aumento de sus armas (La-Vergne, 1839: s. p.).

Así pois, a translación literaria que fixo Vicetto na súa balada galega elaborouse baixo as indicacións do individuo a quen ía dedicada, é dicir, de idéntica maneira á que Eduardo Pardo Montenegro a fixera chegar aos círculos ferroláns de maior influencia social, que compartía con Vicetto. Deste xeito, a este interese nobiliarista de Pardo Montenegro hai que engadir a propia actitude dun intelectual afundido nos refugallos do Antigo Réxime e que, como vemos, se valía de calquera tipo de tradición galega para a elaboración dun poema que puidese valer para a lembranza dunha Galicia antiga, ideal, mítica e pletórica e que, á vez, tamén servise para referir dignificación do idioma nacional, todo o que, en verbas do propio Vicetto, se resumía baixo a etiqueta da “nacionalidad galaica” (cf. Renales Cortés, 1996, I: 199).

38 O último dos textos dos que falarei é “Tí e éu. Sono d’unha noite de vrao”, de diferentes características aos anteriores. Vexamos o seu contido:

TÍ E ÉU

SONO D’UNHA NOITE DE VRAO

¡Ou anxel do meu amor!  
cando n’as noites de vrao  
eu recordo o teu rigor...  
mesmo morro de door  
en as areas do chao.

E despois, e no meu leito,  
cando xa cayó doído,  
eu sono, o que non ten xeito:  
sono á tua fala n’oído,  
o teu peito no meu peito.

Sono un fresco folgador  
nesta miña boca ardente,

cal si os teus labeos de fror  
rescendendo de candor,  
vicos me déran n'a frente!

Sono, mais no meu deseio:  
sono que con moito afan  
aló, nos aires me véio,  
é que che trayo n'a man  
as estreliñas do ceo!

Sono que tamén da serra  
é mais do val profundiño,  
donde o mar queixoso berra,  
tráyoche, meu auxeliño,  
tudas as frores da terra!

Sono me chegas á amar  
sempre en tembrante desmaio,  
é sono co teu ollar,  
nado, buceio é che trayo  
as perliñas c'ay no mar!

Sono que d'os salgueiriños  
é mais árbores c'ali  
írguense p'o los camiños,  
tráyo moitos xilgueiriños  
á cantar preto de tí!

Sono inda mais: que lixeira  
xunto os roxos tulipás  
te recostas n'a pradeira,  
é tendes pra min as mas  
querendosa falangueira!

Sono co teu marmular,  
falar de mel, fidalguiño;  
sono c'o teu sospirar,  
cal á corrente do Miño  
veira, veiriña da mar!

C'os teus labeos de cravel,  
é c'os teus riciños mouros,

sono, vicando á tua pel,  
mais branca, mais c'os pelouros  
que fay á neve en Gondel!

E sono co manescer,  
cando os galos cantar van,  
mortos os dous de pracer  
nos apertamos á man  
hasta ú outro noitecer!

Premita Dios soberao  
chegue por verdade á telas  
esas soñeiras de vrao:  
tí, que contes as estrelas;  
eu, as areas do chao!

BENITO VICETTO (Vicetto y Pérez, 1888).

40

Neste caso, fóra da actitude dun Vicetto afervoado seguidor das lendas galegas, ben pertencentes ao eido do popular, ben á tradición da fidalguía e tamén conectadas coas do primeiro grupo, atopamos unha peza correspondente cunha preocupación literaria máis elevada. Xa que logo, se a “Cantiga dos Borboriños” parece estar tomada case sen variacións do aparato tradicional galego e se a balada dos Montenegros se inclúe nunha práctica de loanza cara aos xa non privilexiados, denotando en ambos os dous casos senllas preocupacións polo espírito de dignificación da entidade territorial de Galicia, no caso de “Tí e éu...” asistimos a un Vicetto poeta que respondía ás novas tendencias líricas da súa época.

A forza poética da balada montenegrina é indubidábel, como indubidábel é a súa beleza, mais na composición amorosa “Tí e éu. Sono d’unha noite de vrao” prodúcese un consciente afastamento do retoricismo de corte romántico para, pola contra, profundar na busca do intimismo poético, do que, sen embargo, a poesía popular era unha das súas máis destacadas fontes.

O idioma galego, por tanto, foi usado por Vicetto de forma circunstancial e sempre para a translación de pezas pertencentes ao eido pasado do popular, ao grupo do corpo medieval galego (onde, por lóxica, o galego era o único idioma) e mesmo á composición dunha peza reflexo da intimidade do poeta.

Neste último caso, como nos anteriores, o vehículo lingüístico do idioma galego xustificouse por esa translación íntima da voz poética, xa que, desgraciadamente, en ningún dos seus ensaios históricos se valeu do galego como lingua de cultura.

Xulio Pardo de Neyra  
Universidad de Cáceres

## Bibliografía

Barreiro Fernández, X. R., *Historia Contemporánea de Galicia*, vol. 2, A Coruña: Gamma, 1982.

*Boletín de la Academia Gallega*, “Necrología. Don José María Montenegro”, 1934, nº 253, A Coruña, pp. 1-111.

Carballo Calero, R., *Historia da literatura galega contemporánea. 1808-1936*, Vigo: Galaxia, 1963.

Carré Alvarelos, L., *Romanceiro popular galego de tradición oral*, Porto: Porto Editora, 1959.

Couceiro Freijomil, A., *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, vol. III, Santiago de Compostela: Editorial de los Bibliófilos Gallegos, 1954.

Fernández-Prieto Domínguez, E., “El Nobiliario de Galicia. Publicado por Agustín de Rojas Villandrando en 1611”, *Hidalguía. La revista de genealogía, nobleza y armas*, 1982, nºs 172-173, Madrid, maio-agosto, pp. 455-475.

Fernández del Riego, F. (*Salvador Lorenzana*) (1974), “Limiar”, in B. Vicetto Pérez, *Los hidalgos de Monforte (Historia caballerescas del siglo XV)*, A Coruña: La Voz de Galicia, 1978, I (ed. facsimilar da 50 ed. da obra: A Coruña: Andrés Martínez, editor, 1903), s. p.

Flórez de Ocariz, J., *Libro Segundo de las Genealogías del Nuevo Reyno de Granada*, Madrid: José Fernández de Buendía, Impresor de la Real Capilla de Su Magestad, 1676.

Fort y Roldán, N. (1901): “Benito Vicetto y Pérez”, prólogo a *Los hidalgos de Monforte. (Historia caballerescas del siglo XV)*, A Coruña: La Voz de Galicia, 1978, I, pp. 5-36.

La-Vergne, P., *Certificación de armas dada a D. José Pardo Montenegro Menéndez Vega Valledor Aguiar Gayoso y Andrade, ministro togado da audiencia territorial de Galiza, deputado a cortes por Lugo*, Madrid: 14/01, ms. Arquivo do Pazo de Vilardomonte (APV), secc. "Manuscritos", 1839.

Maciñeira y Pardo, F., *Crónicas de Ortigueira*, A Coruña: Establecemento Tipográfico de La Voz de Galicia, 1892.

M(ato). D(omínguez), A., "Vicetto Pérez, Benito", in VV. AA., *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 30, Santiago de Compostela-Xixón: Silverio Cañada, editor, 1974, pp. 35-36.

Méndez Romeu, J. L., *A Real Academia Galega, institución frustrada do rexionalismo*, A Coruña: Noroeste de Artes Gráficas, S. L., 1998.

Murguía, M. M., *Los precursores*, A Coruña: Andrés Martínez editor, 1885.

Pardo de Neyra, X., "Literatura gallega y caballería: intertextualidad y recurrencia literaria de las leyendas familiares", in M. D. Burdeus, E. Real e J. M. Verdegal (eds.), *Las Órdenes Militares: Realidad e imaginario*, Castelló de la Plana: Universitat Jaume I, 2000, pp. 597-623.

42 Pondal, E., "Recordo a Benito Vicetto", *Labor Gallega*, nº 30, 1915, La Habana, 30/01, p. 11.

———, *Queixumes dos pinos (20 edición) y poesías inéditas*, A Coruña: Real Academia Gallega, 1935, (20 ed. aumentada).

Ricón, A., "Encol dun poema galego esquecido de Benito Vicetto", *Grial*, nº 27, 1970, pp. 77-83.

Risco, V., "Vicetto ou o Romantismo", *Nós*, nº 53, 1928, p. 85.

Tarrío Varela, A., *Literatura galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo: Xerais, 1994.

Varela, J. L., *Poesía y restauración cultural de Galicia en el siglo XIX*, Madrid: Gredos, 1958.

Vicetto y Pérez, B., "Los Montenegros. Balada tradicional", APV, secc. "Fondos de José M<sup>a</sup> Montenegro y Soto", ms, (s. d., circa 1845-1850).

———, *El lago de la Limia. Historia caballeresca del siglo IX*, A Coruña: Castor Míguez, 1861, 3 vols.

- , “Tí é eu. Sono d’unha noite de vrao”, *El Museo Universal*, Madrid, 1862.
- , *Poesías*, O Ferrol: Biblioteca de El Porvenir, 1872.
- , *Revista Galaica*, nº 12, 1874, pp. 10-30.
- , “Los Montenegros. Balada en castellano del siglo XII”, *El Heraldo Gallego*, tomo VIII, 1881, pp. 76-77.
- , “Tí e éu. Sono dúnha noite de vrao”, *Album Literario. Revista Semanal de Literatura, Ciencias y Artes y de zaragatas políticas*, nº 44, 1888, pp. 2-12.
- Y pues se ha dado noticia del castro de oro no deue quedar en silencio, antes si renobarse la funesta memoria del Famoso Mariscal Pedro Pardo de Zela*, ms., APV, secc. “manuscritos”, (circa 1750).